



Moreno Cabrera, J. C.: *De Babel a Pentecostés. Manifiesto plurilingüista*. Barcelona, Horsori, 2006. 101 páxinas. Colección “Cuadernos para el análisis”

Non debería pasar desapercibido na Galiza un libro de apenas cen páxinas que leva no seu título a palabra ‘manifiesto’ e que é da autoría de Juan Carlos Moreno Cabrera, catedrático de Lingüística Xeral da Universidad Autónoma de Madrid e prestixioso lingüista con monografías e artigos de referencia tanto sobre problemas de tipoloxía sintáctica e semántica como sobre a clasificación, situación ou desaparición das linguas do mundo, sempre desde unha óptica de defensa da diversidade lingüística e, por tanto, das linguas minorizadas. Citemos só entre estas últimas obras *Lenguas del mundo* (1990), *La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística* (2000), *El universo de las lenguas* (2003), *Las lenguas y sus escrituras. Tipología, evolución e ideología* (2005) ou, máis recentemente, *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva* (2008), cuxos títulos son sobradamente ilustrativos do seu posicionamento a respecto da cuestión lingüística, tamén no Estado español, en contraste con outros que defenden o dominio do castelán en consonancia con certos discursos políticos de marcado carácter centralista e mesmo imperialista.

O título deste libro-manifiesto toma como referencia dous milagres bíblicos que revelan dúas actitudes primordiais adoptadas pola humanidade perante a diversidade lingüística a través da historia: Babel, que representa o milagre da creación desa diversidade como algo negativo que impide a comunicación, e Pentecostés, que resalta positivamente a capacidade de os seres humanos nos entendermos e de nos comunicarmos en linguas distintas. O primeiro milagre pertence ao Antigo Testamento e o autor tómao como punto de partida, en canto o segundo é do Novo Testamento e sérvelle de punto de chegada por ser o milagre que “hace posible que los seres humanos nos entendamos realmente sólo a través de la diversidad lingüística” (p. 7, nota 1). Porque, como explícita o subtítulo, este é un manifiesto en defensa do plurilingüismo, face ás “políticas estrictamente monolingüistas de las viejas potencias europeas”, que costumaban cualificar como “retrógada, tradicionalista, conservadora o nacionalista excluyente” calquera tentativa dunha comunidade lingüística minoritaria ou non asociada a un dos estados poderosos por promocionar a súa lingua.

A pesar das poucas páxinas, o libro é denso canto aos contidos, pois ao corpo principal do texto acrécentase un rico aparello crítico nas notas de rodapé –nalgún caso de grande extensión–, que constitúe un segundo nivel de lectura con abundante

información complementar, sobre todo de carácter bibliográfico, de grande interese para quen quixer profundar nalgúns aspectos concretos. Alén dunha breve “Introducción: del castigo de Babel al premio de Pentecostés” (p. 9-10) en que o autor opta por considerar a diversidade lingüística como un premio que, lonxe de impedir o desenvolvemento da capacidade humana, o potencia e enriquece, a obra estrutúrase en catro capítulos, unha breve antoloxía de textos (p. 75-78), un glosario tamén breve de termos da sociolingüística marcados con asterisco ao longo do texto (p. 79-81), un anexo cos dous primeiros capítulos da Constitución Europea traducidos ás vinte e unha linguas oficiais e seguidos dun breve comentario (p. 83-95), outro anexo coas publicacións comentadas do autor sobre aspectos relativos ao contido da obra (p. 96-99) e, por último, un terceiro anexo de ilustracións referidas a tres políglotas: o cardeal Giuseppe Gasparo Mezzofanti, o lingüista norteamericano Kenneth Hale e o técnico de calefaccións soviético E. Cherniavski (p. 100-101).

No primeiro capítulo, “Babel, la ‘confusión’ de las lenguas y la comunicación”, o autor analiza a actitude negativa cara á pluralidade lingüística que se atesta non só no episodio da Torre de Babel como en todo o Antigo Testamento e sostén que a desaparición dun idioma ou a substitución por outro supón unha perda de información real e potencial, “la mayor parte de las veces irrecuperable” (p. 19), pois cada idioma ten os seus propios procedementos expresivos e non hai dous que posúan exactamente os mesmos. Esta defensa da diversidade lingüística, que pon en relación coa biolóxica, e da dignidade e valía de todas as linguas é unha constante nos diferentes traballos do autor (véxase, por exemplo, Moreno Cabrera 2000 e 2008), quen resalta como na Europa do século XVI volta a xurdir o mito de Babel como consecuencia da expansión colonial dos estados. Este feito pon ao descuberto que a diversidade de linguas é un universal da humanidade e, ao mesmo tempo, que é imposible construír esa torre capaz de chegar ao ceo porque os idiomas do mundo son como “ladrillos de una torre en perpetua construcción” (p. 20) que acaban desaparecendo para seren substituídos por outros sempre de forma diferente aos anteriores. Termina o capítulo reafirmando a distinción entre a ‘lingua natural’ (LN), que se aprende de xeito espontáneo na infancia, e a ‘lingua cultivada’ (LC), elaboración artificial que se adquire con esforzo na escola. A primeira non é para el unha corrupción ou dexeneración da segunda; polo contrario, a LC é unha versión “cosmética” da LN e tamén unha tentativa, sempre imposible, “del viejo proyecto de la creación de una lengua perfecta, completamente fijada y universal en una sociedad determinada” (p. 22). Neste sentido, a ortografía utilízase para exprimir a unidade e idiosincrasia cultural dunha comunidade, de modo que permite a distinción entre linguas moito próximas ou, o que é o mesmo, manifesta “sin lugar a dudas de qué lengua concreta se trata” (p. 28), reflexión de utilidade para a lingua galega.

No capítulo segundo, intitulado “Aprenderás las lenguas con el sudor de tu rostro”, preséntase a aprendizaxe de linguas en idade adulta como un labor dificultoso

que pretende en certo modo ser unha redención do castigo de Babel, embora con resultados escasos. Sempre se vai notar o acento estranxeiro indicativo de que unha persoa non pertence desde sempre a determinado grupo e, ao mesmo tempo, a lingua aprendida nas aulas vai ser unha lingua artificial ou LC porque dominar unha LN “significa vivir en esa lingua y vivir abarca muchos más aspectos que ir a clase” (p. 33). Ao fío das dificultades de chegar a dominar unha lingua estranxeira, que implica “un compromiso, un sacerdocio personal de por vida” (p. 34), vai ir introducindo o tema central da obra: na aprendizaxe adulta dunha lingua segunda chégase antes a entendela do que a poder falala e, por tanto, o coñecemento pasivo de linguas –o “entendimiento pasivo plurilingüe” (p. 36)– é o que pode posibilitar o uso activo de moitas máis linguas e, en definitiva, a manutención da diversidade lingüística. Porque o plurilingüismo activo individual, quere dicir, a existencia de persoas políglotas, como o cardeal italiano Mezzofanti (1774-1849), capaces de falaren moitas linguas son casos verdadeiramente excepcionais.

O capítulo terceiro, “La deconstrucción de Babel: monolingüismo y oligoglosia”, supón unha crítica da ideoloxía monolingüista, que, lonxe de procurar o acrecentamento de máis unha lingua coñecida por todas as persoas, na realidade conduce á minusvaloración da diversidade lingüística e á desaparición de moitas linguas. Tamén critica a ideoloxía oligoglósica como unha versión aparentemente mitigada da ideoloxía monolingüista, mais que na práctica resulta ser un pacto de convivencia entre diferentes ideoloxías monolingüistas (inglesa, española, francesa, chinesa, rusa etc.), unha especie de *business class* dos idiomas privilexiados. Na Unión Europea (UE) prodúcese, neste sentido, unha loita entre o monolingüismo dominante do inglés e outros monolingüismos dominados, chegándose “casi siempre de mala gana” a unha ‘oligoglosia’ ou imposición dunhas poucas linguas en ámbitos onde hai unha diversidade lingüística maior (p. 44). Conceptos como os de ‘lingua oficial’, ‘lingua común’, ‘lingua nacional’, ‘lingua de traballo’ ou ‘lingua de comunicación’ sérvenlle á ideoloxía monolingüista no ámbito da UE para impedir a presenza das linguas minorizadas e para presentar o plurilingüismo como unha fonte constante de conflitos. A difusión internacional do inglés tamén ten detrás, segundo o autor, esta mesma ideoloxía, que Phillipson (1992) cualifica directamente de ‘imperialismo lingüístico’ e que para Moreno Cabrera é “una de las vertientes culturales del imperialismo postcolonial del que deriva la injusta situación actual de la mal llamada globalización” (p. 54).

Face aos anteriores, o capítulo cuarto e último (“El milagro de Pentecostés y el sesquilingüismo cooperativo”, p. 55-73) convértese no máis importante da obra por conter unha proposta concreta en contra do monolingüismo imperialista e da oligoglosia e en defensa da diversidade lingüística no mundo a partir do milagre de Pentecostés como solución aos problemas lingüísticos orixinados en Babel. Tal milagre consiste na comprensión mutua entre persoas que falan linguas diferentes e representa unha reivindicación do plurilingüismo. Os galileos falaban a súa propia lingua e eran entendidos

por persoas que o facían en linguas diferentes, de modo que aquí acha Moreno Cabrera o punto de partida para o seu ‘manifesto plurilingüista’ ou proposta de ‘plurilingüismo pasivo ou receptivo’ como alternativa á oligoglosia e ao dominio do inglés.

Para a designación deste tipo de plurilingüismo oposto ao ‘plurilingüismo activo’ –as persoas dunha comunidade con varias linguas serían capaces de falaren todas elas– introduce o autor o termo de ‘sesquilingüismo’, que resgata do que empregaron os tradutores do *Curso de Lingüística Moderna* de Hockett en 1971 para o termo inglés ‘semi-bilingualism’ a partir do latín *sesqui*, ‘metade’, por lle parecer mellor que o correspondente ‘semibilingüismo’ ao este transmitir a impresión de se tratar dunha capacidade incompleta. O sesquilingüismo é definido por Moreno Cabrera como a capacidade de entendermos unha lingua sen a falarmos ou sen a xesticularmos, quere dicir, un monolingüismo produtivo acompañado por bilingüismo ou plurilingüismo receptivo. Mais para que o sesquilingüismo se converta nun instrumento de intercomunicación máis eficaz propón desenvolvelo cara á vertente do que vai denominar ‘sesquilingüismo cooperativo’, que se logra cando quen fala a súa lingua ten en conta os seus coñecementos da lingua do ouvinte “para adecuarla en una dirección que facilite el entendimiento o al menos que no lo dificulte” (p. 63).

Así entendido, para o autor o sesquilingüismo cooperativo fomenta a convivencia de linguas nun plano de maior igualdade e parécelle especialmente axeitado para o aplicar no ámbito da UE, pois pode contribuír para equilibrar moito máis o uso dos diferentes idiomas. A partir do modelo de ‘sesquilingüismo cooperativo xenético’ –aquele que se dá entre os utentes de linguas pertencentes á mesma familia lingüística–, Moreno Cabrera fai un deseño de programa sesquilingüista, con fórmula matemática incluída, para as 21 linguas oficiais da UE en 2005, agrupadas en nove familias lingüísticas, ás que incorpora outras linguas daquela aínda non oficiais e as chamadas linguas minorizadas, entre elas o galego. Tamén fai algo similar para as linguas de signos das diversas comunidades xordas europeas. Con iso o autor pretende desbotar as “profecías agoreras de los apóstoles del monolingüismo sobre la inmanejabilidad, costo desorbitado e ineficacia” dunhas institucións europeas con tantas linguas (p. 72) e demostrar que o traballo dos intérpretes non só non se incrementaría como inclusive se tornaría máis doado e flexíbel.

A proposta de sesquilingüismo que realiza o profesor Moreno Cabrera tórnase especialmente proveitosa para a Galiza, pois con pouco esforzo pódense adquirir altas competencias nas variedades galega, portuguesa, brasileira e inclusive africana do mesmo sistema lingüístico galego-portugués, alén de logo ampliar a competencia pasiva ás outras linguas romances de Europa. Se a isto acrecentarmos o coñecemento, embora só fose pasivo, do inglés, a situación lingüística desta comunidade podía tornarse envexábel: dominio activo do galego-portugués e do castelán e pasivo dos outros romances e do inglés.

O modelo sesquilingüista pode, de certo, preservar a diversidade lingüística de Europa, incluídas as linguas minorizadas, e de facto xa se vén practicando nos países nórdicos (Suecia, Dinamarca e Noruega) ou mesmo en África, do que este libro recolle algún testemuño (p. 77). Presenta a vantaxe de que todas ou a maioría das persoas dunha comunidade política plurilingüe comprenden todas as linguas desa comunidade aínda que as non falen. Polo contrario, o concepto de plurilingüismo activo, en que todas as persoas desa comunidade falarían todas as linguas existentes nela, é un obxectivo pouco realista. O sesquilingüismo permitiría, por tanto, que nunha sociedade plurilingüe se puidesen usar realmente todas as linguas e promovería o plurilingüismo, pois dese xeito non habería falantes que tivesen de renunciar ao seu idioma por medo a non seren entendidos.

Mais tamén o sesquilingüismo pode contribuír para preservar a pluralidade lingüística dentro do Estado español, pois se no sistema educativo se incluíse a adquisición de competencias pasivas nas diferentes linguas, ninguén se vería forzado a utilizar outra distinta da súa. E na Galiza sen dúbida eliminaríase obstáculos ou excusas para a plena normalización da lingua galega, pois ningunha persoa podería aducir o seu descoñecemento. Mesmo as universidades galegas podían aproveitar as vantaxes deste modelo se estivese estendido polo Estado e pola UE, pois así posibilitaría unha mellor integración do alumnado de intercambio e unha alta rendibilidade para este, en termos de coñecementos lingüísticos, na súa estada nas nosas universidades. E tamén sería útil nos outros niveis do ensino.

A aposta en exclusiva polo inglés, ou o que é o mesmo, investir todo o esforzo, tamén económico, na aprendizaxe deste idioma, supón por unha parte unha rendición perante o imperialismo lingüístico, ligado sempre ao poder económico e militar dominante en cada momento, e por outra renunciarmos ao enriquecemento cultural que nos achegan as linguas próximas. Resulta lóxico ou razoábel, tanto en termos culturais como económicos, que un español, un francés, un italiano e un portugués, por exemplo, acudan ao inglés para se comunicaren entre si? Con canto menor esforzo o poderían facer nas súas respectivas linguas!..., contribuíndo dese modo para a manutención da diversidade cultural e lingüística que caracteriza Europa e, en definitiva, para a defensa da biodiversidade e da ecoloxía, pois tamén as linguas forman parte dela. De facto, como o propio autor da obra nos informa, xa se publicou un libro que estuda comparativamente esas linguas nunha dirección que ben podemos cualificar de sesquilingüista (véxase Schmidely / Alvar / Hernández 2001). Nesta mesma liña apuntaba xa hai anos Umberto Eco (1994) ao afirmar que unha Europa de políglotas non consiste en que as persoas falen con facilidade moitas linguas, mais en que, no mellor dos casos, poidan falar cada unha a súa e entenderen a do seu interlocutor. Outra alternativa ao dominio imperialista do inglés sería a asunción como vehículo para a comunicación internacional dunha lingua artificial, o esperanto ou outra entre as diversas propostas existentes, como

moito ben estuda Teresa Moure (2005), aínda que o profesor Moreno Cabrera non analice en particular esta posibilidade –lembremos que o seu libro é un manifesto a favor do plurilingüismo–.

Con isto non se nega o valor do inglés como lingua para as relacións internacionais neste momento. Porén, a súa indubitábel importancia non debe contraponerse á defensa da diversidade lingüística nin debe servir como escusa para negar o papel doutras linguas. Tampouco se contradí coa necesidade e obriga primeira de usaren e potenciaren a súa lingua propia aquelas persoas e comunidades que posúen un patrimonio lingüístico singular que só elas poden e a elas corresponde principalmente preservar por fidelidade a si propias e ao legado histórico que recibiron, e como contributo para a ecoloxía das linguas no mundo e para a manutención do patrimonio cultural da humanidade. Aos galegos e galegas tócanos a defensa e conservación da nosa lingua propia, principal sinal da nosa identidade, que debe ser normalizada mediante unha planificación adecuada, a socialización dun modelo de lingua de calidade e o entusiasmo herdado dos nosos devanceiros (Sanmartín Rei 2009).

En síntese, como se dicía ao inicio, este libro-manifesto do profesor Moreno Cabrera é de grande interese e utilidade para nós como persoas depositarias dun herdo lingüístico singular que hoxe está nunha situación dificultosa, pois podemos tirar del proveitosas ensinanzas. Resulta especialmente reconfortante e aleccionador, por inusual, que unha persoa que ten o español como a súa lingua propia e que reside e exerce o seu maxisterio na capital dun Estado que non dá asumido o seu carácter plurilingüe (e plurinacional) defenda con tanta sabedoría, convicción e compromiso a diversidade de linguas e nomeadamente as minorizadas. Con ser este libro un manifesto apaixonado a favor do plurilingüismo e da dignidade de todas as linguas, non deixa de ser, porén, un traballo serio e rigoroso con información relevante a respecto da complexidade lingüística da humanidade. Nel combínase o carácter didáctico e de intervención social mediante a proposta sesquilingüista coa solvencia do competente investigador do fenómeno lingüístico que se pon en relevo sobre todo a través das extensas notas de rodapé, con acompañamento de interesantes textos e notas apendiculares. Unha obra, en definitiva, alén de breve e de fácil lectura no seu corpo de texto principal, suxestiva e ilusionante para aquelas persoas que aman as linguas e respectan a súa diversidade. Tamén para quen loita pola normalización da lingua galega.

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña

Referencias

- Eco, U. (1994): *La Búsqueda de la Lengua Perfecta en la Cultura Europea* (Barcelona: Crítica).
- Moreno Cabrera, J. C. (2000): *La dignidad y la igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística* (Madrid: Alianza).
- Moreno Cabrera, J. C. (2006): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva* (Barcelona: Horsori).
- Moure, T. (2005): *Outro idioma é posible. Na procura dunha lingua para a humanidade* (Vigo: Galaxia).
- Phillipson, R. (1992): *Linguistic Imperialism* (Oxford: Oxford University Press).
- Schmidely, J. (coord.), M. Alvar e C. Hernández (2001): *De una a cuatro lenguas: del español al portugués, al italiano y al francés* (Madrid: Arco Libros).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).